



**REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA DELEGACIÓN GALEGA
DO COLEXIO DE XEÓGRAFOS**

(APROBADO NA ASEMBLEA ORDINARIA DO 26/02/2010)

Artigo 1

A Delegación Galega do Colexio de Xeógrafos (en diante, a Delegación) constitúese de acordo co que dispoñen os Estatutos do Colexio de Xeógrafos. O seu ámbito territorial é o de Galicia, e ten a súa sé en Santiago de Compostela.

Artigo 2

As finalidades da Delegación son:

1. Promover e fomentar o progreso da Xeografía, o desenvolvemento científico e técnico da profesión, a solidariedade profesional e mailo servizo da profesión cara á sociedade galega.
2. Contribuír á mellora do exercicio profesional, nomeadamente por medio de actividades formativas.
3. Velar pola dignidade e prestixio da profesión, ademais de promover a súa presenza institucional.
4. Defender os intereses profesionais dos xeógrafos/as e promover a súa inserción laboral.
5. Traballar a prol do desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio e da sociedade galega.
6. En xeral, todo aquilo que poida resultar en beneficio dos intereses profesionais e colectivos dos xeógrafos/as.

Artigo 3

Para estas finalidades, a Delegación exercerá as seguintes funcións:

1. Facilitar ós seus colexiados/as o exercicio da profesión.



2. Representar e defender a profesión perante as Administracións públicas, institucións, tribunais, entidades e particulares de Galicia, de acordo co que dispoñan os Estatutos e outras normas do Colexio de Xeógrafos.
3. Participar nos consellos ou organismos consultivos das diferentes administracións públicas de Galicia en razón da súa competencia profesional, cando así o prevexan as normas reguladoras destes organismos.
4. Facilitar ós tribunais de xustiza de Galicia o exercicio de peritaxe en asuntos xudiciais, e colaborar da maneira en que sexa requirido por esta.
5. Prestar o servizo de visado de proxectos e facilitar, se procede, as certificacións oficiais e outra documentación, de acordo co que dispoñan os regulamentos e normas do Colexio de Xeógrafos.
6. Intervir, pola vía da conciliación e a arbitrase, e a requirimento dos interesados/as, nas controversias que se produzan entre profesionais.
7. Denunciar ante a Administración pública e, se for preciso, ante os tribunais de xustiza, tódolos casos de intrusismo profesional que afecten ó colectivo xeográfico e ó exercicio da profesión.
8. Informar sobre os postos de traballo a exercer por xeógrafos/as, a fin de conseguir unha mellor eficacia no exercicio profesional.
9. Emitir informes sobre proxectos de lei e outras normativas de Galicia que fagan referencia ás condicións do exercicio profesional da Xeografía.
10. Facilitar, de acordo coa organización colexial, o funcionamento de seccións especializadas e servizos comúns de interese colexial. Para unha maior eficacia, poderá establecer fórmulas de colaboración con outros colexios profesionais de Galicia ou entidades profesionais legalmente constituídas.
11. Asumir, dentro do seu ámbito de actuación e logo do preceptivo acordo de traspaso, aqueles servizos e actividades que segundo os Estatutos do Colexio de Xeógrafos son competencia dos órganos estatais.
12. Administrar a economía colexial nos termos deste Regulamento e dos Estatutos do Colexio.
13. Favorecer a formación profesional e a actualización permanente dos xeógrafos/as.

Artigo 4

A Delegación agrupa os colexiados/as de Galicia nos termos dos Estatutos do Colexio de Xeógrafos. A colexiación será tramitada pola Delegación diante dos órganos colexiais correspondentes.

**Artigo 5**

Son dereitos e deberes dos colexiados/as, referidos á Delegación, os que figuran nos respectivos artigos dos Estatutos do Colexio de Xeógrafos.

Artigo 6

Os órganos de goberno da Delegación son a Asemblea Xeral e a Xunta de Goberno.

Artigo 7

A Asemblea Xeral está constituída por tódolos colexiados/as, con igualdade de voto, e adopta os seus acordos por maioría, de acordo con este Regulamento e cos Estatutos do Colexio. Pódese reunir con carácter ordinario e/ou extraordinario. Convócase cunha antelación mínima de quince días respecto á data de celebración, mediante comunicación escrita ou electrónica a tódolos colexiados/as. A convocatoria incluírá lugar, data e hora de reunión, e a orde do día. A Asemblea considerarase validamente constituída en primeira convocatoria cando asistan polo menos o 25 % dos colexiados/as. A segunda convocatoria quedará fixada media hora máis tarde e considerarase validamente constituída sexa cal for o número de asistentes. A Asemblea ordinaria celebrarase cunha periodicidade anual, durante o primeiro trimestre do ano.

Artigo 8

A Asemblea Extraordinaria reunirse:

- por iniciativa da Xunta de Goberno
- por iniciativa dun número de colexiados/as non inferior ó 10%, que tamén deberá formular a orde do día.

Artigo 9

Corresponde á Asemblea Ordinaria:

- a) Aprobar a acta da Asemblea Xeral anterior.
- b) Aprobar os orzamentos anuais da Delegación e a liquidación das contas do exercicio anterior.
- c) Aprobar a Memoria de actividades do exercicio anterior.
- d) Aprobar a renovación dos cargos vacantes da Xunta de Goberno.



- e) Aprobar as propostas de Regulamentos e outras normativas internas da Delegación.
- f) Coñecer, discutir e, se procede, aprobar as propostas que lle sexan suscitadas pola Xunta de Goberno, ou por calquera colexiado/a. Neste último caso, as propostas terán que ser presentadas antes do 31 de decembro para seren incluídas na orde do día da asemblea seguinte, ou seren distribuídas, por calquera medio, directamente ós colexiados/as antes da celebración da asemblea.
- g) Todo aquilo que, no ámbito das competencias da Delegación, non sexa atribuído á Xunta de Goberno ou á Asemblea Xeral Extraordinaria.

Artigo 10

Corresponde en todo caso á Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Promover a disolución da Delegación.
- b) Promover a segregación da Delegación para constituír un colexio independente, nos termos dos Estatutos do Colexio de Xeógrafos e da lexislación vixente.
- c) Resolver as cuestións formuladas por acordo da Xunta de Goberno ou a requirimento dun mínimo do 10 % dos colexiados/as.

Artigo 11

A Asemblea estará presidida polo Presidente da Delegación, quen ordena e modera os debates. Actuará como secretario/a da Asemblea a persoa que o é na Delegación, que levantará a acta correspondente co visto e praxe do Presidente. Os acordos tomaranse por maioría simple dos votos emitidos, agás naqueles acordos referidos á modificación deste Regulamento, moción de censura contra a Xunta de Goberno ou algún dos seus membros, ou disolución ou segregación da Delegación, casos nos que deberá haber unha maioría de dous terzos de votos favorables entre os presentes.

Será recoñecida a delegación de voto por parte de calquera colexiado/a, por medio dun escrito asinado no que figuren os datos persoais do delegante, a persoa na que delega e os efectos da devandita delegación.

Artigo 12

A Xunta de Goberno é o órgano executivo e representativo da Delegación. Está constituída por:



- a) Un núcleo de cargos con asignación directa de funcións, compostos pola Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e Tesouraría.
- b) Un número mínimo de tres vogais, cuxas funcións serán definidas pola propia Xunta de Goberno.

Para a elección da Xunta de Goberno, seguirase o procedemento establecido nos Estatutos do Colexio de Xeógrafos. No caso de vacantes, seguirase tamén o procedemento establecido nos Estatutos do Colexio de Xeógrafos. A Xunta de Goberno renovarase de xeito completo, a máis tardar, cada catro anos.

Artigo 13

Son competencias da Xunta de Goberno:

- a) Ostentar a representación da Delegación.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Cumprir e facer cumprir este Regulamento, os Estatutos do Colexio e o resto de normativa interna do Colexio.
- d) Cumprir e facer cumprir os seus propios acordos e aqueles acordos que a Xunta de Goberno do Colexio de Xeógrafos lle encomende para o exercicio das súas competencias.
- e) Dirixir a administración e a xestión da Delegación.
- f) Recadar as cotas colexiais e outros ingresos, nos termos referidos nos Estatutos do Colexio de Xeógrafos.
- g) Solicitar a xestión plena ou parcial de servizos e actividades que son competencia do Colexio de Xeógrafos, e negociar cos órganos colexiais o protocolo de traspaso das devanditas competencias.
- h) En xeral, e por analogía, tódalas funcións encomendadas á Xunta de Goberno estatal nos Estatutos colexiais, e que sexan competencia da Delegación.

Artigo 14

O réxime de sesións da Xunta de Goberno será, xenericamente, o establecido nos Estatutos do Colexio.

Malia isto, a convocatoria, coa orde do día, poderá enviarse por correo ordinario ou electrónico cunha antelación de 7 días.

Poderanse debater puntos fóra da orde do día de carácter urxente, se for aprobada a súa inclusión por maioría absoluta dos membros da Xunta de Goberno.



Igualmente en caso de urxente necesidade poderán debaterse, fóra da convocatoria ordinaria da Xunta de Goberno, textos e documentos, e seren aprobados mediante votación por carta ou correo electrónico.

Artigo 15

As atribucións dos membros da Xunta de Goberno son as establecidas, con carácter xeral, nos Estatutos do Colexio.

Disposición Final

Para todo aquilo non previsto neste Regulamento, rexen os Estatutos do Colexio de Xeógrafos e outras normas que os desenvolvan.